

## Galicia Ambiental presenta o segundo ciclo divulgativo sobre Economía Circular

*O programa de charlas terá continuidade no presente curso 2019/2020 logo da gran acollida da primeira edición na que participaron máis de 850 alumnos*

*Para esta segunda edición de divulgación da Economía Circular entre os máis novos, Galicia Ambiental contará con novidades no programa*

Oleiros, 29 de outubro de 2019

A Asociación Galicia Ambiental presenta a **segunda edición** do seu programa de charlas de sensibilización ambiental de divulgación da **Economía Circular** entre os máis novos. Despois de que o pasado 5 de xuño, rematase con éxito o primeiro ciclo de charlas en centros escolares de toda Galicia, a asociación continuará coa iniciativa no presente curso 2019/2020. Galicia Ambiental poderá atender así as máis de medio cento de solicitudes que quedaran pendentes pola alta demanda nos institutos galegos.

A Asociación Galicia Ambiental organiza, **co apoio financeiro da Fundación C&A**, esta iniciativa que procura divulgar o novo paradigma de Economía Circular aos máis novos para que sexan conscientes da necesidade de mudar as estratexias produtivas actuais para lograr un maior equilibrio e reducir o impacto ambiental que a actividade humana produce no planeta. Unha concepción que vai moito máis alá do concepto reduccionista das 3R, e propón abordar a cuestión dos residuos como parte dun ciclo no que aplicar a sostibilidade ao uso e ao consumo dos recursos.

Un **dobro proxecto** que por unha banda quere **trasladar** aos empresarios, traballadores e directivos da próxima década (agora alumnos de instituto) **o novo paradigma da Economía Circular**, a través de charlas e xornadas técnicas en centros formativos. E por outra banda, darase exemplo práctico con **accións de recollida de residuos** (sobre todo plásticos) en espazos naturais como praias, ríos ou encoros.

Para elo desenvólvese unha campaña de sensibilización para o uso responsable dos espazos naturais (*Cando nos visites, non deixes nada neles!*) que percorrerá diferentes areas e puntos de interese turístico de Barbanza e do Golfo Ártabro. A acción rematará cunha gran recollida masiva de residuos que se enviarán a unha pranta de reciclaxe, garantizando a trazabilidade do recollido.

### **Economía circular en máis de 100 centros**

O segundo ciclo de conferencias retómase neste mes de outubro e prevése **superar as 100 charlas dando prioridade aos insitutos, ciclos formativos e aos alumnos dos tres últimos cursos da ESO**. Para este período todos os centros que así o desexen, poden solicitar a súa participación cubrindo o [formulario da páxina web de Galicia Ambiental](#), dende o 1 de setembro e ata o 30 de outubro de 2019.

Ao igual que na anterior edición, a asociación achegará o paradigma de economía circular aos máis novos de toda a Comunidade. Ademais, Galicia Ambiental contará con novidades para este novo ciclo de charlas, como **unha tira de cómic** que recollerá os principios do novo concepto de economía circular e facilitará así que os escolares poidan incorporalos na súa rutina cotiá.

Amais, continuando coa labor da pasada edición, Galicia Ambiental, participará nas invitacións a impartir charlas divulgativas naqueles centros educativos de fóra de Galicia que así o soliciten.

### **Máis de 850 alumnos galegos toman contacto coa economía circular**

A primeira fase desta iniciativa, que botou andar no mes de maio coa colaboración financeira da Fundación C&A, estivo presente nun total de **40 centros educativos**. Nestas sesións, os máis de **850 alumnos e 120 mestres** que participaron poideron coñecer os principios da Economía Circular permitíndolles así comezar a introducilos xa no seu día a día. Uns principios que van moito máis alá do concepto reduccionista das 3R

(Reducir, Reutilizar e Reciclar), e propón abordar a cuestión dos residuos como parte dun ciclo no que aplicar a sustentabilidade ao uso e ao consumo dos recursos. Xa non persegue tan só a reutilización e a reciclaxe dos residuos senón que procura **reducir o impacto ambiental** dende a propia concepción dos obxectos, e que estes teñan un ciclo máis similar ao da natureza. É dicir, onde todo se aproveita e nada se converte en refugallo.

Esta iniciativa de divulgación da Economía Circular cumpre ademais o seu compromiso co programa Advanced Leadership Foundation, no que participa Galicia Ambiental.

A iniciativa divulgativa impulsada pola asociación, está pensada para o alumando dos últimos cursos de Primaria, ESO, Bacharelato e ciclos formativos. As sesións permiten un primeiro achegamento do alumnado a este novo concepto de Economía Circular.

### **A Asociación Galicia Ambiental**

A asociación de profesionais ambientais, Galicia Ambiental, é o punto de encontro e defensa de intereses dos profesionais do sector medioambiental. O **coñecemento, divulgación** e a posta en valor das **boas prácticas ambientais** de empresas, institucións ou persoas (participación en foros, órganos consultivos, grupos de traballo...) son os piares sobre os que se asenta a asociación. Outro dos obxectivos que moven ao colectivo, é a denuncia ante as administracións públicas e/ou a Administración de Xustiza, as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado... de **prácticas ilegais ou lesivas co medioambiente** no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, indistintamente de que a súa orixe teña relación con accións levadas a cabo por persoas físicas, empresas, institucións, etc. Galicia Ambiental é unha entidade, sen ánimo de lucro, que integra a profesionais independentes e/ou representantes de empresas, institucións, corporacións de dereito público, medios de comunicación... que desenvolven a súa actividade profesional na área medioambiental, en definitiva, todas aquelas persoas para as que o medio ambiente é unha cuestión primordial.

### **Os nosos proxectos**

Dende Galicia Ambiental promovemos o novo paradigma Economía Circular, a través do noso proxecto **Futuro circular** coa colaboración da Fundación C&A, apoiado en tres eixes



fundamentais: a sensibilización da comunidade educativa, a divulgación e a desplastificación de espazos naturais. Desenvolvemos **charlas** en centros educativos e sociais en toda Galicia (e fóra se así nolo solicitan) baseadas na transmisión dos principios e o novo modelo da **ECONOMÍA CIRCULAR**. Colaborar con asociacións ambientais, veciñais, etc na execución de **campañas de recollida de plásticos** (e outros refugallos) en espazos naturais, é outro dos nosos obxectivos, así como profundizar nas accións de comunicación, como elemento sensibilizador da sociedade en xeral sobre a **problemática da reciclaxe e as verteduras de plásticos ao medio natural**.

Ademais deste proxecto, na actualidade, Galicia Ambiental desenvolve no ano 2019 **Árbores de Cinza**.

***Pon as cinzas dunha árbore galega no teu fogar; con este xesto poñerás árbores nos montes afectados por incendios forestais.*** Así, con este lema comeza o noso proxecto **Árbores de Cinza** no 2018. Se o ano pasado fíxose unha primeira acción financiada por crowdfunding, seguida d'outra de creación de infraestruturas patrocinada pola Fundación C&A en Chandebrito... nesta terceira fase, co patrocinio do Festival da Luz – Boimorto, buscamos dar unha continuidade efectiva ao traballo iniciado coas **xornadas de divulgación** en centros escolares e colectivos sociais e cidadáns, aos que convidamos a colaborar nas accións de reforestación. Ademais, transmite a mensaxe do proxecto que en definitiva no é outro que fomentar unha mentalidade de **prevención activa contra incendios**.

Saúdos,

Benito G.Carril

**DIRCOM GALICIA AMBIENTAL**

604 000 742

[www.galiciaambiental.org](http://www.galiciaambiental.org)

<https://www.facebook.com/galiciaambiental/>

[@galiciaambienta](#)